



CONCELLO DE
PONTEVEDRA

MCS

Concello de Pontevedra
Registro xeral de Saída
Número: 2017030111
Data: 25/10/2017

Destinatario:

DIRECCIÓN XERAL DE ADMINISTRACIÓN LOCAL

VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA ADMINISTRACIONES PÚBLICAS E XUSTIZA

RÚA MADRID 2-4, 2º PISO, FONTIÑAS

15.781 SANTIAGO DE COMPOSTELA (A CORUÑA)

Número de expediente:2017/XENSSOC/000134

SOLICITUDE DE INFORME SOBRE DUPLICIDADE DE COMPETENCIAS EN RELACIÓN COA APROBACIÓN POLO CONCELLO DE PONTEVEDRA DUNHA ORDENANZA DE RENDA SOCIAL MUNICIPAL.

O concello de Pontevedra, na liña doutras administracións locais, ten previsto tramitar e aprobar unha ordenanza de renda social municipal coa que poder combater situacións de desigualdade, pobreza e exclusión social. Para elo, ten consignados nos seus orzamentos para o vixente ano 2017 a cantidade de 400.000 €.

Todo elo faise dentro da potestade regulamentaria atribuída ás entidades locais, regulada no artigo 4 da Lei 7/1985, do 2 de abril, de bases do réxime local e no principio de autonomía local así como en aplicación da Lei 13/2008, do 13 de decembro, de servizos sociais de Galicia e da Lei 10/2013, do 27 de novembro, de inclusión social de Galicia.

Como queira que a Lei 27/2013, do 27 de decembro, de racionalización e sustentabilidade da administración local, que modifica a Lei de bases do réxime local, no seu artigo 27, co gallo de acadar o principio de “*unha administración, unha competencia*”, mellorando a eficiencia na prestación dos servizos públicos e evitando a duplicidade de competencias entre os poderes públicos, é polo que **se lle solicita informe sobre a posibilidade de que exista duplicidade de competencias á hora de poñer en marcha esta ordenanza municipal de renda social municipal.**

En Pontevedra, na data da sinatura electrónica, polo Xefe do Servizo de Benestar Social e Promoción Económica.

